



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 6 de febreiro de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2019.
2. Concédese licenza de obras para substitución de cuberta e conservación exterior de vivenda sita en lugar de Ameal, nº 16, Marín.
3. Concédese licenza de obras de construción de porche de acceso a planta baixa de vivenda unifamiliar sita en lugar de Moreira, nº 17, Marín.
4. Concédese licenza de obra maior para a reforma e ampliación da planta baixo cuberta da edificación existente entre medianeiras para o uso hoteleiro na edificación existente na rúa Concepción Arenal, nº 11, Marín.
5. Concédese licenza de obras para cambio de uso de trasteiro a vivenda no 5ºB da rúa Concepción Arenal, nº 24, Marín.
6. Dáse conta da prórroga de 4 bolsas de práctica laboral na Deputación e en Concellos da provincia de Pontevedra ata o 30 de xuño de 2019.
7. Dáse conta da concesión de subvención ao Concello de Marín, por importe de 58.085,22 euros, con destino ó investimento denominado “Substitución de cuberta no lavadoiro do río de Casás e acondicionamento do entorno”, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
8. Solicítase subvención, por importe de 111.000,88 euros, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación de 24 traballadores desempregados para a obra ou servizo denominado “Salvamento e Socorrismo”, ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2019.
9. Solicítase subvención, por importe de 104.191,50 euros, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación de 10 traballadores desempregados para a obra ou servizo denominado “Apoio ao servizo de obras públicas”, ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2019.
10. Dáse conta da concesión de subvención con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, correspondente á liña 3 (emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), por importe de 112.858,20 euros, con destino á contratación de 10 peóns de obras públicas e 3 conserxes.
11. Solicítase subvención por importe de 37.516,38 euros á Axencia Turismo de Galicia, ao abeiro das subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural e convocatoria para o ano 2019, con destino ó proxecto de “Instalación de varanda de protección en vial de praias, tramo Mogor-Aguete”.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002787400A8R2U8H7D8T5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190161908
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 15/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/02/2019 14:04:51	Fecha: 15/02/2019 Hora: 14:04



12. Dáse conta das bases de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019, da Consellería de Política Social.
13. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, do Instituto Galego de Vivenda e Solo.
14. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Concédese licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Castro, nº 3-B, Seixo, Marín.
2. Dáse conta da autorización para a contratación anticipada de 2 traballadores desempregados ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a realización da obra ou servizo de "Apoio ao servizo de limpeza forestal".

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002787400A8R2U8H7D8T5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190161908
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 15/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/02/2019 14:04:51	Fecha: 15/02/2019 Hora: 14:04